

## Medrar

- Xa basta de medos – esa frase que me dixo a miña psicóloga, despois de contarlle os meus problemas, quedouse gravada na miña mente.

Son insegura, e unha cousa que non soporto son os cambios, e pouco a pouco estoume dando conta de que a miña vida non fai nada máis que mudar.

Estou nunha etapa de cambios, a madurez, e lentamente estou tendo que decidir sobre máis cousas, como o meu futuro ou a que me quero dedicar. Pero eu creo que son demasiado nova para iso, paréceme que todo vai excesivamente rápido. “Paren o mundo que me quero baixar”, así dicía Mafalda, e isto é o que sinto agora mesmo.

Lembro cando era pequena, hai só uns pouquiños anos, cando a miña única preocupación era ir ao colexio, xogar e pasalo ben. Todo pasa demasiado rápido.

Lucía Fernández Gándara 2ºB